

Xornadas Internacionais

RESTAURACIÓN E XESTIÓN DE XARDÍNS HISTÓRICOS



6, 7 e 8 de novembro de 2025

PAZO DE QUIÑONES DE LEÓN
(CASTRELOS, VIGO)

Introdución

Os xardíns históricos son testemuñas vivas da nosa historia cultural e natural. Representan espazos onde a arte do deseño paisaxístico se entrelaza coa biodiversidade, os coñecementos tradicionais e a memoria colectiva. Pero hoxe, fronte aos desafíos do cambio climático, da perda de biodiversidade e da presión urbana, a súa conservación require novas miradas e ferramentas.

Estas Xornadas Internacionais de Restauración e Xestión de Xardíns Históricos queren ser un punto de encontro entre profesionais da paisaxe, da arquitectura, da ecoloxía, da historia e da xestión pública. Propoñen abrir un espazo para reflexionar e compartir experiencias sobre como abordar a restauración destes espazos desde unha perspectiva actual, integrando criterios ecolóxicos, culturais e sociais.

A restauración dos xardíns históricos non pode limitarse a unha reprodución formal do pasado, senón que debe procurar un equilibrio entre o respecto pola identidade e a adaptación funcional aos retos contemporáneos. Neste sentido, as xornadas porán o foco na aplicación dos principios da infraestrutura verde e das solucións baseadas na natureza para unha planificación, recuperación e xestión sostible a longo prazo, en coherencia co respecto á historia, desenvolvemento e evolución dos espazos históricos.

Obxectivos

- » Promover unha visión contemporánea e ecolóxica da restauración de xardíns históricos.
- » Impulsar metodoloxías que combinen conservación patrimonial, biodiversidade e participación social.
- » Fomentar a colaboración entre profesionais e entidades implicadas na xestión do patrimonio cultural e da paisaxe.
- » Compartir experiencias e boas prácticas a nivel nacional e internacional.

Programa

Xoves 6 de novembro

9.00 – 9.30 h » *Recepción*

9.30 – 10.00 h PRESENTACIÓN INSTITUCIONAL

10.00 – 10.45 h A RESTAURACIÓN DE XARDÍNS HISTÓRICOS: MARCO LEGAL EN ESPAÑA E METODOLOXÍA DO MINISTERIO DE CULTURA
Antonio Antequera | IPCE - Instituto de Patrimonio Cultural de España - Ministerio de Cultura

10.45 – 11.30 h PROXECTO DE RESTAURACIÓN DAS ALINEACIÓNS ARBÓREAS DO PASEO DE CANAPÉS NO REAL SITIO DE SAN LORENZO DE EL ESCORIAL E EXEMPLOS DE REDIMENSIONAMENTO DE SETOS EN XARDÍNS DE PATRIMONIO NACIONAL
Roberto Martínez Pérez | Departamento de Jardines y Montes de Patrimonio Nacional

11.30 – 12.00 h » *Pausa café*

12.00 – 12.45 h A REHABILITACIÓN DA PARTE HISTÓRICA DO PARC DEL GUINARDÓ (DISTRITO D'HORTA-GUINARDÓ, BARCELONA)
Mònica Vila | Arquitecta

12.45 – 14.00 h MESA REDONDA COS PARTICIPANTES

14.00 – 16.00 h » *Pausa xantar (libre)*

16.00 – 18.30 h VISITA GUIADA AO CASO DE ESTUDO: CASTRELOS

18.30 h » *Fin da xornada*

Venres 7 de novembro

9.30 – 10.00 h » *Recepción*

10.00 – 10.45 h A RESTAURACIÓN DE XARDÍNS DE TRADICIÓN ANDALUSÍ
José Tito Rojo | Universidad de Granada

10.45 – 11.30 h OS XARDÍNS HISTÓRICOS NO MARCO DA INFRAESTRUTURA VERDE EN ITALIA
Fabio Salbitano | Università di Firenze

11.30 – 12.00 h » *Pausa café*

12.00 – 12.45 h A RESTAURACIÓN E XESTIÓN DE XARDÍNS HISTÓRICOS INSERIDOS EN ÁREAS PROTEXIDAS DE PATRIMONIO CULTURAL DA UNESCO: SINTRA E BELÉM (LISBOA)
Luís Ribeiro | Comité científico de Sintra

12.45 – 14.00 h MESA REDONDA COS PARTICIPANTES

14.00 – 16.00 h » *Pausa xantar (libre)*

16.00 – 16.45 h PROXECTO DE RESTAURACIÓN DOS XARDÍNS DO PAZO DE CASTRELOS
Pedro Calaza Martínez | Escola Galega da Paisaxe, Fundación Juana de Vega

16.45 – 17.30 h REFLEXIÓNS SOBRE A METODOLOXÍA DA RESTAURACIÓN DE XARDÍNS EN ESPAÑA
Ana Luengo | Citerea

17.30 – 19.30 h OBRADOIRO INTERNACIONAL DE PAISAXE: DINÁMICAS DE ANÁLISE Y DIAGNOSE (25 PRAZAS)
Ana Luengo | Citerea

19.30 h » *Fin da xornada*

Sábado 8 de novembro

9.30 – 10.00 h » *Recepción*

10.00 – 12.00 h OBRADOIRO INTERNACIONAL DE PAISAXE: ELABORACIÓN DE PROPOSTAS EN GRUPO (25 PRAZAS)
Ana Luengo | Citerea

12.00 – 13.30 h PRESENTACIÓN DE RESULTADOS

13.30 – 14.00 h CONCLUSIÓNS

14.00 h » *Peche das xornadas*

Organiza e promove



Fundación
Juana de Vega



Inscríbete



www.juanadevega.org